



## **BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/UNHA XERENTE PARA O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DE A CORUÑA**

### **1.- OBXECTO DO PROCESO**

O presente proceso de selección ten por obxecto a contratación de carácter laboral dun/unha Xerente para o Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio) como persoal de alta dirección ao amparo do previsto R.D. 1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

O/a Xerente desenvolverá as tarefas de xerencia de conformidade co establecido no artigo 17 dos Estatutos do Consorcio.

A designación efectuarase de conformidade co artigo 10 dos Estatutos do Consorcio por parte da alcaldía, ou concelleira/o en quen delegue, a proposta da Xunta de Goberno que a formulará, previo ao presente proceso selectivo.

### **2.- DURACIÓN DO CONTRATO**

O contrato terá unha duración inicial de dous anos que poderán ser prorrogados por acordo das partes cada dous anos.

### **3.- RETRIBUCIÓNS**

As retribucións serán as equivalentes a un posto de Xefatura de Servizo no Concello de A Coruña. (57.000,00 Euros).

### **4.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA**

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, nas páxinas web do Concello de A Coruña e do Consorcio e noutros medios que se consideren oportunos.

### **5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Para ser admitida a solicitude, presentaranse no Rexistro Xeral do Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña, con domicilio na Rúa Sol – Edificio Sol s/n (15003 A Coruña), de acordo co previsto no artigo 38 da Lei 30/1982, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. O prazo para a presentación de solicitudes será de dez días hábiles contados a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.



As persoas aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude de admisión segundo modelo de instancia que se acompaña como **anexo 1 (dispoñible na páxina web do Consorcio)** unha fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte, o Curriculum Vitae, e a documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base 6 e dos méritos alegados con fotocopia compulsada.

Igualmente deberán presentar, xunto coa solicitude, en sobre pechado, a Memoria Técnica a que se fai referencia na base 9.2.

Os requisitos establecidos nos apartados b), d) e e) da base 6 acreditaranse mediante presentación de declaracións baixo a súa responsabilidade de que cumpren os termos establecidos. Os requisitos f), g) e h) da base 6 acreditaranse mediante copia compulsada do correspondente título ou certificación acreditativa.

Todos os documentos acreditativos dos méritos alegados que se deben acompañar á solicitude de participación deberán referirse a unha data anterior á finalización do prazo de presentación de instancias.

Poderase recadar das persoas participantes na convocatoria aclaracións ou documentación adicional, cando da presentada non resulten dabondo acreditados os datos alegados en relación cos requisitos esixidos.

## **6.- REQUISITOS DE ADMISIÓN**

Para ser admitida a candidatura á realización do procedemento de selección os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Que cumpra cos requisitos de idade que sinala a normativa vixente.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou de órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- e) Non se atopar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o emprego ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral.



- f) Estar en posesión da diplomatura en Turismo, ou de calquera licenciatura ou grao universitario. No caso de que as persoas aspirantes posúan unha titulación académica estranxeira, para poder participaren no proceso selectivo, deberán ter homologado previamente o título de acordo co previsto na lexislación española
- g) No caso de equivalencia ou homologación, deberá xustificarse con certificado expedido por organismo competente para establecela. A posesión de título/s superior/es aos graos ou diplomaturas esixidos, que absorba este, será considerado título de acceso, e non será obxecto doutra valoración.
- h) Non encontrarse incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a Lexislación vixente.
- i) Coñecemento da lingua galega. O coñecemento da lingua galega acreditarase mediante título Celga 4, curso de perfeccionamento de lingua galega ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

No caso de que un candidato/a non poida acreditarlo, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega. A proba a que se refiren as presentes bases será cualificada como apta ou non apta. No caso de ser non apta o candidato/a quedará excluído/a. **(ver anexo 2 dispoñible na páxina web do Consorcio)**

- k) Coñecemento da lingua inglesa. (Oral e escrito). Considerase necesario dado o carácter e natureza das funcións que se requiren para o correcto desempeño do posto de traballo, que a persoa que resulte seleccionada, posúa coñecementos do idioma inglés, como mínimo, do nivel B2 (marco común europeo de referencia para as linguas, MCERL). O coñecemento da lingua inglesa acreditarase mediante a posesión do nivel B2 debidamente homologado polo órgano competente oficial.

No caso de que un/ha candidato/a non poida acreditarlo, deberá superar unha proba de nivel de coñecemento da lingua inglesa oral e escrita, o resultado da proba será cualificado/a como apto/a ou non apto/a. No caso de ser non apto, o candidato/a quedará excluído/a. **(ver anexo 3 dispoñible na páxina web do Consorcio)**

- l) Requírese un mínimo de cinco anos de experiencia laboral no sector turístico, xa se trate de empresas públicas ou privadas, entidades e organismos relacionados directamente co sector turístico, dos cales, cando menos, dous deles foran desenvolvidos en tarefas



directivas: xerencia, dirección, dirección técnica, coordinación xeral de servizos, programas de planificación turística,...

## **7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O Tribunal estará integrado polos seguintes membros:

- Unha persoa en representación do Concello de A Coruña que actuará en calidade de presidente/a (titular e suplente)
- Un/ha secretario/o con voz e sen voto (titular e suplente)
- Unha persoa en representación da Autoridade Portuaria de A Coruña (titular e suplente)
- Unha persoa en representación da Cámara de Comercio de A Coruña (titular e suplente)
- Unha persoa en representación do sector turístico con voz pero sen voto designadas polo Presidente do Consorcio.

O Tribunal será asistido por persoal técnico que poderá participar nas deliberacións, con voz pero sen voto.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia da Presidencia e da Secretaría ou, se é o caso, de quen os substitúa, e da metade, polo menos, das persoas membros. En todo o demais, o Tribunal axustará a súa actuación ao previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o funcionamento dos órganos colexiados e demais normas que lle poidan resultar de aplicación.

A composición do Tribunal farase pública co acordo definitivo de admisión das candidaturas aos efectos do exercicio do dereito de abstención ou recusación.

No nomeamento do Tribunal terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos na súa composición. Así como o previsto na Lei 7/2004, do 16 de xullo para a igualdade entre homes e mulleres.

## **8.- LISTAXE DE ADMISIÓNS**

Tralo remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, o Tribunal publicará na páxina web a listaxe provisional de candidaturas admitidas, concedendo un prazo de dez días hábiles para correccións.



Unha vez rematado o prazo indicado, procederase a aprobar definitivamente a listaxe de candidaturas admitidas, e se sinalará a data, lugar e hora na que se reunirá o Tribunal para a súa constitución e para a realización da primeira fase e segunda fase do proceso selectivo. Este anuncio publicarase na páxina web do Consorcio.

## **9.- SISTEMA DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección das persoas aspirantes efectuarase en dúas fases, outorgándose á primeira fase un máximo de 60 puntos e á segunda fase un máximo de 30 puntos.

### **9.1 PRIMEIRA FASE (Máximo 60 puntos):**

Consistirá no exame do Curriculum do/a aspirante nos apartados de Formación, Experiencia profesional e Idiomas. Valoraranse os méritos universitarios homologados oficialmente, así como os da formación TIC, que acredite:

- A. FORMACIÓN..... Máximo 25 puntos**
- Máster en Turismo..... 10 puntos
  - Máster en Márketing ou Comunicación ..... 5 puntos
  - Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura ..... 5 puntos
  - Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing ..... 3 puntos
  - Formación homologada en ferramentas TIC ..... 2 puntos

Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo:

- Cursos de máis de 50 horas ..... 0,5 puntos

**B. EXPERIENCIA PROFESIONAL ..... Máximo 25 puntos**

Valoración da experiencia profesional:

- Experiencia no sector turístico ..... 2 puntos por ano ou fracción
- Experiencia como persoal directivo no sector turístico ..... 5 puntos por ano ou fracción



(Non compatibles: Para ser valorados os requisitos de experiencia, en compatibilidade, deberá de tratarse do desenvolvemento de cargos diferentes, de concorrer ambas circunstancias, para o desenvolvemento do mesmo posto. Valorarase a de maior puntuación)

A acreditación da experiencia profesional, deberá efectuarse mediante documentación fidedigna acreditativa dos extremos indicados (certificacións das empresas ou organismos, copias de contratos, vida laboral, etc.), presentando orixinais ou fotocopias compulsadas da mesma.

Deberá acreditarse polos aspirantes a natureza do traballo directivo realizado con este carácter que acredite o desenvolvemento con responsabilidade executiva, exercendo funcións tales como planificación, organización, dotación de persoal, dirección e control de empresas ou entidades ou destas tarefas como profesional autónomo ao servizo das mesmas, co establecemento de obxectivos estratéxicos, estratexias para alcanzalos así como da integración das diferentes áreas funcionais da organización, a través dos medios documentais procedentes (contratos, informes de empresa, e outros medios válidos de proba en Dereito)

#### **C. COÑECEMENTO DE IDIOMAS ..... Máximo 10 puntos**

Os idiomas acreditados valoraranse do seguinte xeito:

- Inglés ..... máximo 6 puntos
  - Nivel C2 ..... 4 puntos
  - Nivel C1 ..... 2 puntos
  
- Outros idiomas estranxeiros ..... máximo 4 puntos
  - Nivel C2 ..... 2 puntos
  - Nivel C1 ..... 1 puntos

A acreditación do coñecemento dos idiomas estranxeiros, efectuarase tal e como se sinala a continuación:

Valorarase unicamente como mérito computable, os títulos, diplomas ou certificacións de homologación do nivel de coñecemento alcanzado, expedidos por centros oficiais ou homologados para o ensino de idiomas.



Valoraranse aqueles títulos homologados oficialmente que consten no Cadro de equivalencias do Marco común europeo de referencia para as linguas.

Os títulos deberán acreditar mediante a certificación de homologación referida, o nivel de coñecemento alcanzado, ou que superou todos os cursos correspondentes ao devandito nivel, non sendo válidos a estes efectos aqueles que só certifican un determinado número de cursos ou de horas; nin os cursos on line.

Non serán acumulables as puntuacións outorgadas a títulos ou diplomas inferiores dun mesmo idioma que sexan necesarios para a obtención do título superior do idioma computado. É dicir, só se valorará o Título de maior nivel de coñecemento alcanzado, en cada idioma.

Tras a finalización da primeira fase, o Consorcio publicará na súa páxina web a listaxe provisional de candidaturas que accederán á segunda fase, concedendo un prazo de tres días hábiles para posibles alegacións. Unha vez finalizado o prazo indicado procederase a aprobar definitivamente a listaxe de candidatos/as e sinalarase data, lugar e hora na que se reunirá a Tribunal para a realización da segunda fase do proceso selectivo.

Este anuncio e sucesivos publicaranse na páxina web do Consorcio. Se os/as candidatos/as facilitasen un correo electrónico, notificaráselles igualmente ao mesmo.

## **9.2. SEGUNDA FASE (máximo 30 puntos).** Elaboración dunha Memoria

Para acceder a segunda fase deste proceso deberá terse acadado un mínimo de 20 puntos na suma dos apartados a), b) e c) da fase primeira.

Esta segunda fase consistirá nunha entrevista que o Tribunal manterá con cada unha das persoas candidatas que superen a primeira fase, na que cada persoa candidata presentará e defenderá durante vinte minutos a Memoria presentada.

### **MEMORIA:**

Requírese ás persoas candidatas a elaboración e presentación por escrito dunha memoria dun máximo de cinco páxinas nas na que presente unha visión xeral de A Coruña como destino turístico facendo referencia aos seguintes factores:

- Análise DAFO da marca Coruña.
- Análise do histórico de actuacións no sector turístico na Coruña.
- A Coruña no Camiño de Santiago.



– Propostas para o desenvolvemento sostible do sector.

Unha parte da entrevista realizarase en inglés e/ou en calquera outro dos idiomas estranxeiros que o/a candidato/a acredite, así como en galego.

As persoas aspirantes deberán demostrar necesariamente durante a entrevista un alto coñecemento a nivel oral do idioma inglés.

Así mesmo, durante esta fase, a persoa candidata responderá ás preguntas do Tribunal sobre a súa formación académica, experiencia profesional e coñecemento xeral do mercado turístico e do destino turístico de A Coruña en particular.

O Tribunal poderá declarar a non cobertura do posto de traballo se, motivadamente, ningunha das persoas candidatas obtivera nesta segunda fase polo menos 20 puntos.

## **10.- RESULTADO DO PROCESO E PROPOSTA DA CANDIDATURA SELECCIONADA**

A puntuación máxima do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas dúas fases tal e como se establece na fase 9.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo á mellor puntuación obtida no punto 9.1 b (Experiencia profesional).

A proposta provisional da candidatura seleccionada publicarase na páxina web do Consorcio, concedéndose dez días hábiles para posibles alegacións, e notificándose aos enderezos electrónicos que foran facilitados polas persoas concorrentes ao proceso selectivo. Transcorrido este prazo, e concluído o proceso selectivo, o Tribunal elevará a proposta de candidato/a para que sexa nomeado/a polo órgano competente e publicarase dito resultado no Boletín Oficial da Provincia.

## **11.- EXTINCIÓN DO CONTRATO**

A extinción por desistimento do Consorcio da presente contratación de persoal directivo, unicamente poderá dar lugar a unha indemnización non superior a sete días por ano de servizo da retribución anual en metálico, cun máximo de seis mensualidades. O cálculo da indemnización farase tendo en conta a retribución anual en metálico, no momento da extinción, si estivera percibindo como retribución fixa íntegra e total, excluídas as retribucións variables, si as houbera.





De conformidade co Real Decreto Lei 3/2012 de 10 de febreiro, Disposición Adicional octava, nesta contratación non se terá dereito a indemnización algunha, cando a persoa cuxo contrato de alta dirección extíngase por desistimento do Consorcio, teña a condición de empregado público de algunha entidade do sector público con reserva do posto de traballo.

## **12.- INTERPRETACIÓN DAS BASES**

Durante o proceso selectivo o Tribunal resolverá tódalas dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se debe facer nos casos non previstos.

## **13.- LISTA DE ESPERA**

O Tribunal poderá, motivadamente, elaborar unha listaxe de espera baseada nas puntuacións obtidas polas persoas asistentes que teñan superado a totalidade do proceso de selección sen obter praza e as persoas aspirantes incluídas na listaxe de espera poderán ser chamadas para a provisión, interina ou temporal, da praza obxecto de convocatoria, nos supostos de renuncia, ausencia, enfermidade ou vacante durante o período previsto de duración do contrato.

A Coruña, 27 de xaneiro de 2016

D. Alberto Lema Suárez  
Presidente  
Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña